



Estimado representante do Colexio Oficial de Protésicos dentais de Galicia,

En resposta a súa solicitude referente á priorización da vacinación do seu colectivo, quixese dicirlle que en Galicia se segue a estratexia de vacinación nacional que acaba de ser actualizada e que poden vostedes consultar na seguinte [ligazón](#).

Trátase dunha estratexia común para todas as CCAA, establecendo estas prioridades segundo un marco ético onde prevalecen os principios de igualdade e dignidade de dereitos, necesidade, equidade, protección á discapacidade e ao menor, beneficio social e reciprocidade, atendendo tamén ás normas legais de aplicación e ás recomendacións internacionais.

A orde de prioridade, estableceuse tras realizar unha avaliación en función de criterios que inclúen o risco de exposición, de transmisión e de enfermidade grave, así como o impacto socioeconómico da pandemia en cada grupo de poboación.

Coa actualización da Estratexia de vacinas, a vacinación realizarase de maneira simultánea en diferentes grupos de poboación coas 3 vacinas dispoñibles neste momento, segundo as características de cada vacina e a dispoñibilidade de dose.

Tendo en conta a información anterior, o colectivo ao que fai referencia está incluído no grupo 3.B. Podemos asegurarlle que procederemos canto antes á vacinación do colectivo ao que fai referencia, sempre en función das doses dispoñibles e mantendo os criterios de priorización que se establezan.

Por último, quero agradecerlle as súas achegas. Indicámoslle que todos os nosos esforzos teñen como único obxectivo protexer a saúde da poboación e, evitar a propagación da Covid-19 en Galicia.

Un saúdo cordial,

Raquel Zubizarreta Alberdi
Subdirectora Xeral de Información sobre Saúde e Epidemioloxía
Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital